


Semanario 1,70 €
Sábado 09.08.2025
Número 670

nosdiario

SERMOS GALIZA

A portrait of a middle-aged man with a mustache, wearing a patterned shirt, standing in front of large green leaves. The man is looking directly at the camera with a neutral expression.

XAVIER QUEIPO


Que non cunda o desánimo

RITMOS ALÉN DA RAIA

*Radiografía do panorama
actual da música portuguesa*

AGOSTO DE 1975

*50 anos do asasinato
de Moncho Reboiras*



XAVIER QUEIPO

MILITANTE DA CURIOSIDADE

Médico, biólogo, escritor, a listaxe dos oficios e saberes de Xavier Queipo (Santiago, 1957) ten os mesmos límites sen fronteira que a súa curiosidade, ben representada no seu último libro *66* (Xerais), un compendio de pezas diversas, contos, lembranzas e reflexións que tiveron precedente en *55* e terán continuación en 2034 con *77*. Simultaneamente lanza *Tamarindo* (Aira) e colabora en manter vivo Río Lagares, un proxecto que axuda a impulsar contidos culturais desde a viguesa rúa Falperra.

No prólogo de *66* afirma que este é un libro no que está pensando no seu neto, en que sentido?

Pensando nel como referente próximo dunha xeración digamos que emerxente. Teño a conciencia de que os nenos agora non len ou len pouco. Os mais cativos aínda o van facendo, porque está a literatura infantil, de álbumes etc. pero chega un momento, que debe andar un pouco antes da adolescencia, no que o que se lea xa vai ser un referente e aí hoxe xa son poucos os lectores. Aínda que creo que van volver á lectura cando se dean conta do baleiro que constitúe esa información moi parcelada que lles chega polas redes e que os leva, probablemente, á confusión mental, porque está chea de micromensaxes. Aínda que muden os formatos do libro, que non penso que o fagan moito, creo que van volver a eles porque os van precisar para defenderse. Aínda que sexan manuais de resistencia ou de autoaxuda. Que mellores manuais de resistencia que *Eloxio da loucura*, de Erasmo de Róterdam ou *A vida feliz* de Seneca. Cando descubran iso van adorar ese abraio e van regresar á lectura.

—Lecturas que vostede mesmo orienta neste libro.

Levo desde 2022 facendo unha sección na revista Luzes que aspiro chegue ás 100 entregas. Chámase Biblioteca Atlántica e fágoa tamén para o meu neto. Empezou con cuestións para min obvias, con novelas de formación, de iniciación, de clásicos e de aventuras, *Robinson Crusoe* de Daniel Defoe, *Capitáns intrépidos*, de Kipling... Agora, como sei que lle gusta a natureza, poño cousas como *A viaxe do Beagle* de Darwin, cousas sinxelas, como un *Atlas de Botánica Fantástica* que atopei en Francia e fala da árbore que anda ou que baila, para crear un pouco de interese. En realidade, as propostas van para todo o mundo. Hai poucas semanas pedíalle nun artigo a Xosé Manuel Beiras que escribira unha "carta aos netos", porque el explicaba nunhas entrevistas que escoitei, tamén cando lle entregaron o premio da Letra E da Asociación de Escritores, que agardaba que os netos, entendidos como xeración, recolleran o facho, que espilen un pouco, porque os fillos non o estaban facendo, na construción dun estado plurinacional e dunha nación propia.

A sensación é que a cousa está un pouco parada e trátase de que



Entrevista e fotos XAN CARBALLA

as seguintes xeracións braceen un pouco máis na construción dun estado plurinacional e nunha nación propia.

—Este libro continúa a outro titulado 55 e é unha proposta de lecturas moi diversas, mesmo aberto a peteirar ao chou calquera das sesenta e seis pezas literarias que o compoñen.

Si, pero hai que abri-lo. Cada un dos fragmentos das tres partes, representan os meus tres tipos de escritura. A narrativa máis clásica, o conto. Unha especie de gabinete de curiosidades que vén representar esa fusión da que gosto de ciencia e literatura, ao estilo das que se fan musicalmente no jazz, e unhas pezas máis memorialistas e íntimas. É un libro de consulta e como os que a min me gustaría ler, como dixo Cortázar dun libro de Lezama Lima.

—Abres en calquera lado e sempre descubres algo interesante, que pode ser poético, polémico ou erudito, pero sempre mantendo un perfil literario alto.

Non sei por que se me le pouco... [sorriso] Hai xente que se quedou en *Ártico*, porque tivo unha edición bastante mediática. Pero non sabía que xa tiña unha obra detrás. A primeira entrevista fíxoma Diego Ameixeiras, en 'El Mundo' no ano 1999 e *Ártico* escribíraa en 1990. Pero xa tiña *Diario do nómada, Ringside...* unha chea de libros pero non aparecía nas fotos. Vivir fóra tivo unha compoñente moi positiva que é non estar no mollo tóxico onde se desenvolve a literatura de clans. E iso vale para tamén para as outras linguas, vino ben en Bélxica. Eu sentínme libre para escribir como quixen. E chocaba con esa idea de que o que escribes teña que formar parte da construción nacional, porque dos meus heroes, os heroes de *O paso do Noroeste*, que é unha novela con certa épica, dicíamme que por que non eran os grandes navegantes de Ribadeo ou de Pontevedra. Hai outra parte, digamos máis profesoral que ve a carreira literaria como chanzos dunha escada subindo a non sei onde, e esa non é miña literatura. Unha das características dos

"VIVIR FÓRA TIVO UNHA COMPOÑENTE MOI POSITIVA QUE É NON ESTAR NO MOLLO TÓXICO ONDE SE DESENVOLVE A LITERATURA DE CLANS. SENTÍNME LIBRE PARA ESCRIBIR COMO QUIXEN"

meus libros é que poden ou non parecerse aos anteriores. En que se parece *Dragona*, unha novela, anterior a que se falase do poliamor ou das relacións fluídas, a unha novela como *Extramunde* que é unha especie de épica louca da inquisición até o descubrimento dunha illa. Nin na temática nin no estilo, se poden clasificar, nin me poden clasificar, non son chanzos, son universos completamente distintos.

—Quere dicir que non pode ser clasificado como un tipo de escritor concreto, algo ás veces simplificador?

Pártese da idea dos "escritores" máis facilmente encaixábeis, é dicir que triunfaron con determinado tipo de obra e xa saben facelas como quen fai tortiñas ou fillos, pero como lles foi ben de público pois xa só se moven nese esquema sen variación, sen perigo. Hai quen se pode decepcionar porque non sigo facendo un *Ártico* detrás de outro. Non participo desa idea case infantil, que se este é un escritor urbano ou este de cuestións do rural ou aqueloutro se centra na época da Guerra Civil... trato de ofrecer cousas novas cada vez, quizais con menos éxito de lectores.

—Pero non ten dificultade para publicar, tamén saíu nestas semanas *Tamarindo en Aíra*. Non me queixo, pero sei que pode interpretarse o que digo como unha queixa ou unha constatación. Non entro nos parámetros da construción nacional, que non se debe basear en establecer ideas de heroes, nun exercicio real de levar a categoría de superheroes os galegos. Disto falo nunha das pezas deste libro. Temos razóns abondo para considerar Galicia nación, como para ter que establecer hipérboles falsas baseadas no coñecemento parcial. Nesa peza que fala de lingua e viaxes veño dicir que fuxo da magnificación da figura do galego como un individuo súper. Somos xente normal, estándar, como pode ser unha persoa en Armenia ou en Acerbaixán.

—Mistura de opinión con narracións que son moi diversas,

e tamén pezas biográficas que cando un le non sabe se nelas hai tamén invención. Exa anuncia que haberá un 77.

Vai depender un pouco da enerxía que teña pero xa teño varios contos. Ás veces acónteceme que escribo novelas e nun capítulo abandono porque hai unha subtrama que non me interesa e vouna apartando a un currunchito do ordenador ou a un caderno. Teño moitas lecturas literarias que, combinadas coas lecturas científicas, que hai xente que non as ten, a min permítenme sacar contos magníficos.

Agora hai unha diminución do número de libros colectivos, nos que sempre estiven aberto a colaborar, pero sempre vas publicando aquí e alá e vas apartando materiais diversos. Nese proxecto futuro tamén seguirei con este mesmo criterio de gabinete de curiosidades. E teño xa previsto todo, até para a circunstancia de que a saúde non me acompañase [sorriso]. Non sabes onde te vai levar a vida, pero eu teño a idea máis que de aguantar, de mellorar.

—Dicíalle que neses relatos biográficos entrevese que desde novo había en vostede un curioso, un escritor de futuro.

Digamos que desde cativo a miña obsesión era a exploración. Fóra da disciplina escolar nas rúas de Santiago había un territorio de liberdade impresionante, nas fins de semana, e sobre todo a partir da primavera e cando iamos á aldea familiar no concello de Padrón. Hai un conto, está en 55, que explica ese neno que fun: podía pasar horas mirando para unha pereira onde unha parella macho e femia de escornabois se atopan e vai achegándose-lles de vagar outro macho desde abaixo. Esa curiosidade foi previa á escrita. Teño unha cultura da curiosidade e pola miña formación científica non se restrinxen ás humanidades.

Podo ler sobre a historia do cerco de Malta, con todas as implicacións históricas, ler sobre os tigres antropófagos, ler *A República* de Platón, un tratado de intelixencia artificial ou un libro sobre o comportamento das formigas. A cultura da

curiosidade é fundamental e o meu mundo está habitado polas grandes obras literarias pero tamén coa astronomía ou a neuroloxía botánica. E cando me din, "nótase moito que es biólogo", penso para min "e a ti nótaseche moito que non sabes".

—A curiosidade é máis que motor existencial o seu motor literario? Moito máis que o enigma. Lin hai pouco, non sei onde, que unha novela da que non se pode contar ao final non merece ser lida. Por que? Porque sendo importante a historia, o principal é como a contas, como debuxas as personaxes, como as fas actuar, non se ao final o protagonista morre. En *Tamarindo* hai un asasinato e a novela remata cando alguén peta na porta. O típico final aberto que deixa aberta a imaxinación e lle dá ao lector a posibilidade de el mesmo continuar a historia. A min non me gusta que mo dean todo cociñado e mastigado. Cando escribo penso en despertar a curiosidade por temas cun estilo suficientemente leve como para poder ser seguido e tamén complexo para que inclúa varios niveis de literatura. En realidade para min a verdade está no caos, e considérome un estudoso do caos. Por iso penso que son un bo fomentador da lectura, un irradiador de ganas de saber e coñecer.

—Nos anos setenta había unha pregunta recorrente nestas entrevistas sobre o compromiso social e político. Hai un pequeno conto na metade do libro, *A esfera fría*, que parece unha parábola do mundo actual e as súas expectativas nas que se albisca un Leviatán. Recréanse moi sinteticamente sete etapas da orixe á extinción da vida. Na quinta fálase da furia desatada do Leviatán. Hai a teoría do Big Bang, saímos dun punto que expande e hai unha ficción, unha ficción experimental, vamos a ver como isto desaparece. Poñemos sete etapas para a desaparición, e se saímos dun punto quente chegamos ao punto frío, á esfera fría. Como de vez en cando se introduce algunha frase periódica que dá impresión de que nos estamos referindo

as circunstancias que están acontecendo hoxe pódese ler como unha visión do mundo actual. Forma parte do que sería a prosa experimental, que a partir dunha idea experimentas e tratas de que as frases se vaian correspondendo ás etapas creando unha tensión.

Teño a convicción, xa non a idea, a convicción de que se queres construír unha literatura que teña un certo sentido terás que experimentar, e iso veño facendo. A experimentación normalmente non gusta aos que constrúen o canon literario. Joyce foi catapultado ao cumio máis alto da creación pero tamén foi criticado, e o seu non é un libro amable, non é o típico libro que todo o mundo entende. De vez en cando fago pequenos experimentos pero alguén que experimenta moito máis, por exemplo Xurxo Borrazás, da miña xeración máis ou menos, é un autor recoñecido pero non é popular. Foi un escritor relevante no momento de renovación dos 90 pero despois, sen deixar de escribir cousas interesantes, a recepción que recibe é relativamente cativa ou para botarse a chorar. E probablemente sería un dos meus escritores, partindo do meu gosto polo realismo e a literatura americana, que consegue ter un discurso máis interesante. As cousas vanse decantando pouco a pouco pero hai que seguir escribindo e non hai que desanimarse como están desanimándose colegas da miña xeración.

—E saen da literatura recomendada escolar. Sería inxusto cos profesores, porque non é ese o problema central. Hai pouco tiven unha experiencia en Barcelona, no ámbito universitario. Mandeí tres contos de 55, para non ler o libro enteiro, significativos en termos de estrutura e descrições. Eran universitarios, pero quedaron exhaustos de tanta lectura porque aquilo debíalles ocupar polo menos dez pantallas, era moito! [ri]. E sen embargo despois o diálogo foi moi interesante porque cada unha das narracións descubriulles novas avenidas de pensamento, fíxoos pensar, que xa é moito avanzar para o que pretende un como autor.

—Fala de *Tamarindo* como unha obra especial para vostede.

Especial porque se afasta do estilo que teño eu de escribir. Foi creada por unha reacción ao ter coñecemento da existencia de cárceres móbiles que teñen os americanos: en trens ou barcos de alta seguridade ou en lugares como Guantánamo. Despois vin máis de oito horas do xuízo en Cuba en 1989 ao xeneral Arnaldo Ochoa, cos ataques do fiscal e a defensa dos avogados e como aparecían el e os outros militares xulgados co aspecto de quen está sedado sen saber se está presente ou non, que é algo que coñezo ben como se experimenta, contestas pero non sabes nin o que, e despois non lembrás nada.

Entón decidín escribir unha cousa distinta, entre aventura exterior e interior. Falo dunha persoa que amence dopada despois de levar catro anos neste tipo de cárceres móbiles. Aparece nun sitio que non coñece. Sospeita de todo e ten claramente un comportamento paranoico. E os comportamentos paranoicos teñen unha serie de manifestacións específicas e tes que entender esas claves porque os diálogos que parecen redundantes teñen que selo porque o home está obsesionado e séntese perseguido. Ás veces penso en que cada libro debería facer un prólogo para explicar un pouco de que vai e que o persoal non se perda.

—De feito 66 vai prologado e en varias pezas ten notas que nos remiten a outras referencias, sexa un traballo en *Grial* ou unha entrevista anterior. No conto *Natasha*, que transcorre en Tblisi, recomendo esa lectura de *Grial*, porque explica como é unha cidade medieval, porque a capital de Georgie é unha cidade aínda hoxe estrafantástica. Coas prazas e rúas que agrupan os oficios, moitas farmacias na mesma praza, unha rúa cos panadeiros, un pouco como foron as cidades que tamén coñeceron os antepasados nosos e das que temos reminiscencias, en Vigo por exemplo a rúa da Cestería no casco vello. Alí seguen vivas esas localizacións e paréceme que as indicacións orientan o lector, pero non son imprescindíbeis para entrar nas narracións.



O escritor Xavier Queipo.

Capa do libro '66', de Queipo.